FORO
# A PENEIRA

Xornal galego para o debate, a cultura, o ensino e o lecer

ANO 3 | Edición nº 32 | 2ª Quincena de Agosto de 2020 | PRECIO 2 EUROS

Ponteareas inviste 700.000€ na rede urbana de calor con biomasa
Páxina 2

Contratada a construción da senda peonil entre Salvaterra e Oleiros
Páxina 5

Comezan as obras de humanización da rúa Redondela
Páxina 7

Ponteareas investirá 400.000€ na contorna da piscina e do centro de saúde
Páxina 8

Mondariz busca solucións aos problemas de depuración
Páxina 11

A Cañiza retirou en xullo 10 camións de voluminosos veciñáis
Páxina 11



## Salvaterra e Salceda piden á Xunta a creación duna praza de pediatría compartida

Páxina 5

## Portugal - Alto Minho

Monção: Cortinha Velha vence Medalha de Ouro nos prémios 'Vinduero-Vindouro'
Páxina 12

Cinema e bandas itinerantes percorrem ruas de Paredes de Coura
Páxina 12

Valença: Avenida de Cristelo vai ganhar ciclovia e nova imagem
Páxina 13

Romaria de São João d'Arga é finalista às "7 Maravilhas da Cultura Popular"
Páxina 15






# Ponteareas inviste 700.000€ na rede urbana de calor con biomasa



O goberno do BNG-PSOE informa que comezan as obras para a rede urbana de calor con biomasa destinada a edificios e instalacións municipais. As obras foron adxudicadas por 717.823€ a través dun concurso público transparente que garantíu a igualdade de oportunidades e ao que se presentaron sete empresas.

Nestes intres a empresa adxudicataria comezou a obrar na contorna da residencia de maiores donde irá ubicado o edificio de caldeiras e depóstio de astela de abastecemento. A rede urbana de calor dará servizo a residencia de maiores e centro de día, centro social, escola infantil, estación de autobuses e Casa do Concello, e no futuro poderá ampliarse para que chegue a máis edificios.

Con esta actuación, que conta con financiación da Unión Europea no marco da estratexia "Ponteareas, Hábitat Saudable", apóstase por sistemas eficientes e eficaces que supoñen un aforro económico tanto no gasto do consumo como de mantemento.

A utilización de biomasa, neste caso astilla, como fonte de enerxía renovábel permitirá substituír os actuais combustibles, gasóleo e electricidade, que se veñen empregando nas instalacións municipais para calefacción e auga quente. O goberno local aposta así por unha materia prima procedente das masas forestais dos nosos montes o que permitirá un mellor e maior aproveitamento dos nosos recursos, fomentando o emprego e a economía local ao tempo que se reduce o risco de lumes. Con esta actuación tamén se reducirán considerablemente as emisións de CO2 avanzando cara un concello máis sustentábel e respectuoso co planeta.

O goberno irá informando á cidadanía dos posibles cambios que se poidan producir nalgunhas das rúas polas que pasen as canalizacións e agradece a comprensión de toda a veciñanza durante o desenvolvemento destas obras.

**O PP critica a localización**

Os populares, que está a favor da construción da caldeira de biomasa, considera que o lugar elixido para a súa posta en marcha, é pouco apropiado e seguramente prexudicará a calidade ambiental e acústica da contorna.

O Grupo Municipal do PP solicitou a convocatoria dunha comisión para que informen sobre estas cuestións e, se fose necesario, ver a posibilidade de trasladar a caldeira a unha zona que non se atope na malla do centro urbano.

"Ademais da cinza xerada, debe transportarse o material (a acha) polo que esa zona vai converter nunha constante ida e vinda de camións. Ademais, descoñecemos o nivel do ruído da máquina, o que podería prexudicar a tranquilidade requirida nesa zona e aumentar o ruído", explican.

# Ponteareas pon en marcha o servizo de baleirado de fosas sépticas

O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, informa da posta en marcha do servizo de baleirado de fosas sépticas e pozos negros trala publicación da Ordenanza reguladora que permite iniciar a tramitación das solicitudes dende o luns 24 de agosto.

Este novo servizo municipal é financiado con fondos propios do Concello subvencionando así o coste do servizo. "Os veciños que precisen baleirar a súa fosa séptica terán que pagar unicamente 45,72 euros por cada baleirado, exactamente o mesmo que a taxa anual dos fogares que dispoñen de saneamento municipal" manifestou o alcalde, que indicou que o Concello subvenciona cada servizo con case douscentos euros, "así evitamos a discriminación actual entre os que teñan servizo de saneamento e só pagan a cota anual e os que asumen o custe total de baleirado por carecer de saneamento.

O servizo de baleirado de fosas sépticas forma parte da planificación posta en marcha polo goberno actual desde 2015, "temporalmente contarán con este servizo os máis de 7.500 veciños e veciñas que carecen de saneamento, mentres non se achega a rede de sumidoiros a todas as casas tal como está previsto no plan director de saneamento" declarou Represas, resaltando tamén que esta é tamén unha actuación responsable co medio ambiente ao garantir o tratamento das augas residuais das fosas sépticas e pozos negros nunha estación depuradora de augas residuais (EDAR).

O Concello remitirá á veciñanza un folleto informativo no que se detalla a tramitación a realizar. Ademais pódese consultar por teléfono toda a información sobre este novo servizo de baleirado de fosas sépticas: 663 442 883 e 986 640 000 ext.1052, consultas que tamén se poden realizar por correo electrónico: infraestruturas@ponteareas.gal

Os pasos a seguir que tamén poden consultarse na web municipal; ponteareas.gal, e tramitarse a través da sede electrónica do Concello, resúmense na tramitación da solicitude do servizo de baleirado con copia do NIF así como copia do xustificante de ingreso do coste do servizo, 45,72 euros. No momento no que a tramitación estea completa, o servizo será realizado nun prazo máximo de 3 días hábiles.

**ACiP demandaba o servizo**

ACiP leva demandando este servizo hai anos e recorda que foi unha das promesas electorais do señor Represas na precampaña electoral.

Noutros concellos como Salvaterra este servizo leva anos funcionando e os vecinos só pagan 50 euros. Xa van 18 meses dende as eleccións e moitos veciños tiveron que contratar o servizo e pagar dos seus petos 180 euros. Dende ACiP se preguntan se o Concello vai devolver os cartos pagados por estes veciños, pois o Alcalde díxolles que o Concello asumiría ese servizo.










EDITORIAL

Por Guillermo Rodríguez, Director



# A escola, o virus e a ineptitude política

Por fin a escola é a protagonista! Xa perdemos a conta para lembrarnos dalgún momento da nosa historia, que xa é longa, en que a escola, o ensino, os rapaces e rapazas estiveran no centro da discusión.

Ata este momento coa chegada do coronavirus de marras as autoridades decidiron que se pecharan as escolas; así os estudantes non crearían problemas serios. Claro que iso será ata este próximo mes de setembro que, segundo todos os lúcidos gobernantes, as escolas terán que abrirse e o alumnado asistir ás clases.

Aquí é onde comeza o problema. Como se organizan as aulas sen que o alumnado se mesture?

Antes de seguir falando de como debe comezar o curso escolar permítanme unha breves reflexións persoais.

Dediquei preto de 40 anos ao ensino, logo algo disto debo entender, penso. Por iso quero levalos, amigos lectores, ao meu terreo.

Nos primeiros anos en que me vin fronte a un grupo de rapaces, con apenas 22 anos e moi pouca experiencia da vida, a situación das escolas, do ensino, era vergoñenta; era algo que só se pode pensar dunha sociedade de ineptos gobernantes e de perigosos adoutrinadores.

Os mestres de escola eramos uns pobres funcionarios aos que se tiña entretidos cun miserable soldo. Como anécdota direilles que me ofrecín como "académico sen soldo" a un dos meus alumnos máis intelixentes, deses que a todos nos gustaba que deixaran o legón e se puxeran a estudiar. Non aceptou a miña oferta porque lle pagaban máis conducindo unha escavadora que o que eu gañaba como mestre. Iso pode darnos idea de cal era a valoración do corpo de ensinantes para aqueles políticos que, segundo estamos lendo un dia si e outro tamén, foron uns fenómenos coma gobernantes. Debémoslle a vida e a carteira.

A política educativa deste Estado ao que estamos enganchados foi a de non existir. Cal é a valoración que se fai tras varias reformas educativas? Eu lémbrome de tres ou catro. Agora parece que teñen outra no caixón e vana presentar en sociedade. Pero, cal é a valoración que se fai neses Plans de Educación?

Poderíamos falar da escola nos tempos de República, da escola no proxecto de Rabindrana Tagore, das escolas de Rosa




Sensat, etc. Pero seria perder o tempo. A maioría dos lectores non saberían de que falamos e as autoridades educativas mirarían para outro lado.

O problema é que nestes momentos temos dispoñibles edificios enormes, divididos en departamentos, algún case sen luz solar que os ilumine. Non importa; o terreo é caro e non se pode dilapidar o diñeiro en escolas. Así chegamos a este momento.

Todos asumen que os nenos, nenas, e adultos teñen que entrar nas aulas en setembro, si ou si. Os país e nais teñen un nó na gorxa pensando que os seus fillos poidan contaxiarse co virus. Os políticos sacan da chistera solucións máximas que nada arranxan.

Pero investir cartos creando espazos amplos que xa deberan estar creados, abrir aulas ao exterior e adaptalas para impartir clases , imos chamarlle ecoloxistas, diso non se fala. Aquí e alá aparecen concellos ofertándolle ás autoridades educativas casas que xa foron escolas, espazos que foron outras cousas e agora están a monte. Pero o problema non está en que teñamos ou non espazos; o problema está en que eses espazos hai que acondicionalos, preparalos, adaptalos. E aí é onde está a nai do año. Hai que investir, hai que contratar máis mestres e mestras. Hai que valorar ou non a escola, o ensino, a formación das novas camadas, que diría O Beiras.

Lémbrome dos anos setenta e tantos do século pasado (que vello son, verdade?) cando os mestres e mestras comezamos a ensinar os dentes á Administración cunha folga do ensino que durou 18 dias. Aquilo foi algo insólito. Apenas morto o ditador os mestres atrevémonos a desafiar ao goberno. Pois si, fixémolo. Resultado: promesas que nunca se cumpriron. O que si se cumpriu foi o que pasa sempre neste noxento mundo da política. Para que Carrillo puidera entra en España e ser dalgún xeito reconecido coa boca pequena os mestres de Madrid, cun colega ao fronte pertencente ao Partido Comunista, negociou co goberno que a folga se paraba. Así foi; ao parar Madrid, como un castelo de naipes foron parando toda as provincias do Estado.

Por que saco isto ao clareo nestes momentos? Pois para indicar que o ensino, a escola, os ensinantes sempre fomos moeda de cambio dalgún xeito. Agora o ensino e a escola (léase institutos e universidades) están na balanza. Millóns de persoas entre escolantes e educadores deben comezar o seu labor con seguridade. Pero os político, que non fixeron os deberes nos últimos 100 anos, por non ir máis atrás, atópanse sen resposta; atópanse sen capacidade para resolver un serio problema.

Pero, non se preocupen. Sairán por "peteneras"; buscarán solución atípicas, fantásticas, que non darán resolto nin o ensino nin os centros de ensino. Xa non se pode meter aos nenos e nenas entre catro paredes cinco horas ao día. Iso era unha barbaridade antes, agora e seguirá séndoo. Ou pensamos coa cabeza e resolvemos o problema dunha vez ou, con ou sen virus o ensino irá cada vez a peor.

Hoxe temos medios técnicos para facerlle chegar aos estudantes coñecementos que anos atrás eran inconcibibles. Hoxe os centros non poden ser gaiolas nas que o alumnos-paxaros apenas poidan cantar. Temos que ir a espazos abertos, a ensinanzas en plena natureza, a grupos de traballo por separado que logo se complementan e constitúen un todo.

Non é de recibo que dende a Xunta de Galiza se desentendan da maioría dos problemas que país e profesores van atopar dende o primeiro dia de curso. Fan falta profesores de apoio para constituír grupos de 10 ou 15 alumnos como moito. Fai falta crear espazos (ai están as aulas prefabricadas de todos coñecidas) para que eses grupos non teñen que estar en contacto; fan falta persoas debidamente preparadas para actuar de inmediato en caso de calquera tipo de síntoma de infección. Persoas preparadas para realizar probas no propio centro todos os días e sempre que sexa preciso. Non se pode botar ao lombo dos ensinantes esa tarefa que non lle corresponde. Aí teñen que estar as autoridade correspondentes dando solución.

Ata agora parecerá que este problema é algo etéreo; algo que aínda pode desaparecer como por ensalmo, sabendo que o días de comezar o curso están chamando á porta.

Esperemos que os nosos gobernantes teñan o siso suficiente para dar solución a este serio problema. Ata agora veñen parecéndonos bastante ineptos. Eu por ti e ti por min e a casa sen barrer.

Señores políticos arrolen as mangas e solucionen o problema. Despois terán tempo para pensar se os centros educativos tal como os teñen nas súas cacholas deben seguir así ou se hai que derrubar muros e murallas para abrir o ensino a unha nova realidade.

FORO A PENEIRA

**Director:** *Guillermo Rodríguez Fdez.*
*T.658 58 50 49*
*guillermo@novasdoeixoatlantico.com*

**Tradución e correción:** *Montserrat Rodríguez*
*cursosespanhol.cep@gmail.com*

***Edita:*** *Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.*
*Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD*
*(36860 PONTEAREAS - GALIZA)*
*T. 986 64 12 69 - x.foroapeneira@gmail.com*
***Imprime:*** *Publicaciones Tameiga S.L.*
***Publicidade:*** *Dpto. propio e axencias*
*x.foroapeneira@gmail.com*
***Deseño e maquetación:*** *Fran Eiró*

***Colaboradores:*** *Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela. Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.*

***Depósito legal:*** *VG 226-2018*

Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

# As eurocidades, os cidadáns e as linguas



Eu, que acredito no prodixio da intelixencia dos animais para relacionárense cos humanos, nunca pensei que un loro chegase ao punto de ter coñecemento sociolingüísticos. Ravachol, que así se chamaba o loro que tiña na botica pontevedresa o acreditado folclorista Perfecto Feijoo, adoitaba acertar nos seus anuncios da chegada de posibles mediciñatarios: Perfecto, parroquia !(os que falaban galego). Perfecto, xente! (os señoritos que falaban castelán ). É posible que Ravachol os distinguise tamén polas formas de vestiren, porque as diferenzas eran evidentes; mesmo para iso tiña aguzada intelixencia. Mais o que nos importa da histórica anécdota é que o loro sabía distinguir o galego do castelán.

Adoito visitar todas as semanas o norte de Portugal desde hai moitísimos anos, desde que as autoridades gobernativas tiveron a ben concederme o pasaporte. Observei sempre con moita atención os comportamentos lingüísticos dos galegos en restaurantes e comercios. Dunhas décadas para acó -antes non- os máis deles diríxense aos empregados deses establecementos pedíndolles que lles falen en castelán, como se os portugueses tivesen a obriga de facelo. A prepotencia e desprezo é de tal natureza que en máis dunha ocasión sentíndome incómodo e mesmo avergonzado, téñome dirixido ao patrón ou patroa do negocio para suxerirlles que non deberan tolerar tal grao de insolencia provocadas por xentes que pensan que “ancha es Castilla”. Se en cada establecemento houbese un Ravachol, seguro que os distinguirían nada máis entrar.

O comportamento deste galegos non é o mesmo cando visitan Londres ou París. Pola contra, despois de faceren unha visita de fin de semana a calquera desas cidades, volven fachendosos por teren aprendido vinte ou vintecinco palabras de inglés ou francés. Sen embargo, cando visitan calquera das vilas do norte de Portugal non poñen o mesmo empeño na aprendizaxe desa lingua coa que ademais compartimos unha porcentaxe elevadísima de léxico que nos é común. Pola contra, coa súa teimosía insolencia queren que os cidadáns dun pais con soberanía lles falen nun idioma alleo.

O fracaso das estratexias transfronteirizas con discursos enxoitos coma é o caso do Eixo Atlántico ou o da desaparecida Comisión de Traballo Galicia-Norte de Portugal, obviando as potencialidades das linguas galego e portuguesa, manifestan unha falta de visión política dos dirixentes políticos que dirixen esas entidades. A creación da eurorexión habitada por máis de sete millóns de cidadáns non pode ignorar a realidade lingüística que nos une.

Os pobos fronteirizos desde tempos inmemoriais foron sempre quen de trenzaren unha relación de veciñanza baseada nunha ósmose cultural e lingüística, partillando un patrimonio común, que hoxe exprésase a través das eurocidades incardinando concellos dunha lado e outro da fronteira nun entramado xurídico-administrativo. Os cidadáns destas entidades territoriais fronteirizas conviven con cadanseu código lingüístico con total naturalidade, sen renunciaren ás propias identidades, entendéndose perfectamente. Os seus exemplos deberían serlles útiles a outros concellos máis afastados da raia para modelaren os hábitos e condutas culturais dos seus respectivos cidadáns, que adoitan pasar a fronteira con insconscientes prácticas colonizadoras. Ao carón destes está un sector minoritario de galeguistas que renuncian a falar o noso idioma cun pretendido portugués con expresións ridículas que aos receptores lles molestan; todo por mor dunha solidariedade mal exercida.

O Foro E. Peinador tenlles manifestado aos concellos galegos das eurocidades cando houbo ocasións para facelo, a oportunidade de colocaren en estradas e autovias transfronteirizas grandes paneis publicitarios con intencións pedagóxicas, para que poidan ser lidos sen dificultades con textos semellantes a este:

*Benvidos á Eurocidade Tui-Valença do Minho*
*Entra vostede nun territorio de dous pobos cunha historia e proxecto de futuro comúns, partillando identidades e convivencia no mútuo respeto.*
*Falemos a lingua que nos une.*

Esta proposta válida para as demais eurocidades debería ser permanente no tempo, e para iso sería oportuno e conveniente reforzala cunha estreita colaboración dos medios audiovisuais públicos para estimular o coñecemento recíproco de nós, galegos e portugueses, desde o rio Douro a Ribadeo, o espazo da Eurorrexión.




Aridos do Mendo, s.l.

Mendo
áridos e formigóns





Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos e Formigóns

# Salvaterra e Salceda piden á Xunta a creación duna praza de pediatría compartida

As alcaldesas de Salceda de Caselas, Loli Castiñeira e Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel, veñen de remitir unha solicitude conxunta á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, na que se pide a creación "dunha nova praza de pediatría compartida" entre os dous concellos "e a dotación do mencionado persoal de xeito urxente".

No seu escrito, as rexedoras locais lembran que tanto Salceda de Caselas coma Salvaterra de Miño "veñen experimentando nos últimos anos unhas elevadas taxas de nacementos, que os sitúan nunha media de 100 nacementos por ano".



Marta Valcárcel e Loli Castiñeira continúan explicando que, nestes momentos, os centros de saúde dos dous concellos "contan con cadansúa pediatrar que atende a 1.300 nenos e nenas no caso de Salceda e 1.070 no caso de Salvaterra". Esas cifras conlevan períodos de colapso que "se solventan unicamente coa boa disposición das profesioinais" aclaran as rexedoras locais, pero en moitas ocasións "non garanten a atención de calidade que precisan os nosos nenos e nenas", apuntan as dúas alcaldesas.

Ese incremento continuado de poboación ano tras ano fai que ámbalas dúas acaldesas coincidan "na necesidade de contar cunha nova praza de pediatría". Dada a proximidade dos dous concellos "dita praza podería ser de xeito compartido, diminuíndo deste xeito os actuais cupos de atención que fan que, en moitas ocasións, as pediatras véxanse desbordadas e máis en situacións de pandemia como a que estamos a vivir neste momentos", explican Valcárcel e Castiñeira.

# Contratada a construción da senda peonil que unirá o núcleo urbano de Salvaterra e Oleiros

O Concello de Salvaterra de Miño ven de asinar coa empresa COVSA o contrato de mellora da seguridade víal entre Salvaterra e Oleiros a través da construción de senda nas estradas Po-400, PQ 1+110 – 2+380 e PO-402, PQ 0+000 – 0+140, que une o núcleo urbano de Salvaterra co núcleo poboacional das Zacoteiras en Oleiros, por un importe de 435.650,08€

Esta obra xunto o asfaltado da PO410 suma unha inversión nesta estrada de máis de 680.000€ financiados mediante unha subvención concedida pola Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia, distribuída entre o ano 2019 e 2020.

As obras executaranse ao longo de 1.460m e consistiran na pavimentación da senda, previa realización dos movementos de terras, execución de muros de contención, execución de rede de drenaxe de augas pluviais, preinstalación de alumeado público, disposición de sinalización vertical e repintado de marcas viais afectadas polas obras.

# O Concello cancela a programación do verán e da festa do viño por mor dos rebrotes da covid-19

O Concello de Salvaterra tomou a decisión de SUSPENDER toda a programación referente ao Verán Cultural, así como a Festa do Viño na súa totalidade. O descoñecemento da evolución de posibles rebrotes que aumentan considerablemente nas cidades máis próximas, fai que a coherencia e a seguridade dos veciños impere sobre todas as cousas.

Dende o Concello se levan tomado unha serie de medidas de gran esforzo conxunto que non se poden por en perigo de ningún xeito, sendo a seguridade, a prevención e especialmente a anticipación a línea tomada dende o primeiro momento e que terá continuación ata que as indicacións dos distintos organismos de saúde mostren confianza e certeza para os nosos veciños.



# Condado/Paradanta

PONTEAREAS

## O Concello habilita 6 prazas para persoas con mobilidade reducida na zona do Mercado e Biblioteca

A Concellaría de Mobilidade e a de Vías e Obras que dirixen Roberto Mera e Chus Garrote respectivamente, habilitaron a pasada semana 6 prazas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida no entorno do Mercado e Biblioteca Municipal. Concretamente as prazas creáronse na rúa da Perillana (2), no aparcadoiro do Mercado Municipal (1), nas rúas A Estrada (1), Morales Hidalgo (1) e Fernández Vega (1).




Todas elas reunen os requisitos legais de dimensións e contan co seu correspondente espazo cebreado lateral tal e como establece a normativa. Das seis prazas, dúas son de nova creación e as outras catro responden a un cambio de localización, pois as anteriores non cumprían coas dimensións e esixencias legais. As prazas creadas aseguran o cumprimento da ratio legal dunha praza por cada 40 convencionais na zona e están vencelladas a equipamentos públicos como o Mercado Municipal, Auditorio, Biblioteca e Museo ou Praza da Perillana que proximamente será peonil e ciclábel. A ubicación das novas prazas e a súa configuración e deseño foron avaliadas previamente coa asociación local ADAPTA de persoas con discapacidade.

As actuacións realizáronse no marco dos traballos de reordenación dos espazos peonís e do tráfico na zona oeste da vila executados a pasada semana e nas que tamén se crearon seis prazas de estacionamento para motocicletas nas rúas Braña, A Estrada e Fernández Vega. Por outra banda, a vindeira semana prevese a instalación de aparcadoiros de bicicletas na nova praza situada diante do Auditorio. Tamén en materia de accesibilidade creáronse pasos de peóns até agora inexistentes diante da Biblioteca-Museo e do Conservatorio Municipal para o acceso seguro e universal das persoas usuarias.

## O PP considera un erro seguir humanizando ponteareas sen dar solución ao problema de aparcadoiro

O Grupo Municipal do PP lamenta que o Goberno local engádase a Rede Ágora, da Deputación de Pontevedra, sen ter en conta as prioridades do municipio, como é a mellora dos accesos e un plan de aparcamentos que resolva o grave problema existente.



A portavoz popular foi tallante, "humanizar si, pero con sentido común". Os populares fixeron referencia á recente humanización na estrada de Ribadetea, cun investimento de máis de 850.000 euros, cun sen fin de badenes e unha zona de convivencia por onde pasan 2.700 vehículos diarios. "Cre vostede que con ese tráfico alguén vai deixar pasear aos seus fillos sós por alí? É peonalizar sen sentido", criticou Villar.

Os populares consideran que Represas quere copiar o modelo de Pontevedra e Vigo obviando que estes municipios contan con servizos e accesos que permiten este tipo de actuacións. "Mentres non se cren aparcamentos e mellórense os accesos non se pode dar prioridade ao peón en todo Ponteareas. Isto non é Vigo ou Pontevedra, neses municipios existen aparcadoiros privados e públicos, aquí non. Só no centro de saúde van eliminar máis de 100 prazas. O comercio non vai rendibilizar estas humanizacións porque a falta de aparcamento imposibilita que os nosos propios veciños compren no pobo. Non debemos esquecer que máis da metade do noso pobo vive en parroquias do rural e que non teñen transporte público nin aparcamento para vir", explican os populares.

O PP lamenta que o bipartito empece a casa polo tellado e considera que humanizar sen planificar carrexará graves prexuízos económicos ao comercio e pemes locais.

## II edición do premio "Ponteareas, Lingua e Empresa"

As Concellarías de Lingua e Promoción Económica do Concello de Ponteareas convocan a II edición do Premio "Ponteareas, Lingua e Empresa" co obxectivo de recoñecer as empresas que usan a lingua galega na actividade económica.


*Entrega de premios da I edición do premio "Ponteareas, lingua e empresa.*

Segundo o concelleiro de Lingua, Fernando Groba Bouza, este premio ten como finalidade promover o uso da lingua galega na actividade económica do Concello de Ponteareas, estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais, e recoñecer publicamente a contribución ao aumento e mellora do uso social do galego desde este sector.

Poderán ser destinatarios deste premio as empresas, autónomos, profesionais, ou outro tipo de negocio, así como as persoas que destacasen ou destaquen polo uso do galego ben ao longo de décadas, polo uso continuado no tempo e aquelas de recente incorporación que usen a lingua galega nas súas actividades económicas e que teñan a súa sede social ou un centro no concello de Ponteareas. Ademais, calquera persoa ou entidade poderá presentar proposta de candidatura.

O Premio materializarase nunha figura exclusiva realizada polo escultor ponteareán Silverio Rivas.

As bases da convocatoria poden consultarse na páxina web do concello de ponteareas www.ponteareas.gal na seguinte ligazón https://ponteareas.gal/servizos/cultura/bases-cultura/

## Ponteareas terá duas ambulancias do 061 ás 24h de forma continuada

A Xunta de Galicia continúa traballando na mellora dos recursos sanitarios de Ponteareas, e nesta ocasión amplía o servicio de emerxencias do 061 con dúas ambulancias medicalizables durante ás 24h do día os 7 días da semana.

Dende o PP de Ponteareas, Belén Villar, agradece que a Consellería de Sanidade cumpra o seu compromiso de ampliar a dispoñibilidade de ambulancias 061 para dar resposta de forma moito mais rápida a calquera situación de emerxencia que puidese acontecer no noso municipio. "Dáse por cumprida unha xusta demanda que sempre trasladei aos dirixente da sanidade galega, polo que espero que a calidade de este servicio aumente considerablemente en beneficio de toda a veciñanza", afirma a voceira popular.

Belén Villar, tamén recorda as melloras que se viñeron producindo nos últimos meses no Centro de Saúde de Ponteareas: aumento do cadro de traballadores en máis dun 15%, obras de mellora, dotación de novo material clínico e diagnóstico, acreditación polo Ministerio de Sanidade para a docencia MIR/EIR. Ademais da nova farmacia situada naparroquia de Ribadetea.

# Comezan as obras de humanización da rúa Redondela en Ponteareas



O goberno de Ponteareas informa que veñen de comezarse as obras de humanización da rúa Redondela que foron adxudicadas por 424.654,18 euros despois dun concurso público ao que se presentaron máis dunha ducia de empresas.

Financiada nun 80% con fondos europeos, as obras suporán unha transformación profunda e positiva da rúa Redondela. Actualmente a rúa é un itinerario de paso de vehículos con elevado tráfico en dobre sentido de circulación, as beirarrúas son estreitas e apenas conta con arborado e mobiliario urbano. Coas obras de humanización pasará a ser unha rúa con beirarrúas amplas, arborado, bancos, nova iluminación e servizos soterrados renovados, un único sentido de circulación no seu tramo máis longo reducindo a intensidade do tráfico, dos ruidos e da contaminación.

Estas obras,favorecen tamén o desprazamento das persoas con mobilidade reducida, carriños de bebés e cadeiras de rodas garantindo o dereito destas persoas a moverse con liberdade.

O concelleiro de Mobilidade e Tráfico, Roberto Mera, explica que a medida que avancen as obras as restricións de acceso á rúa e as alternativas serán comunicadas coas sinalizacións. Ademais mantense a rúa aberta para acceso de residentes e servizos comerciais e pide que non se utilice esta vía como itinerario de paso, empregando como alternativa Rosalía de Castro e Sarmiento Rivera.

**Resposta á oposición**

Ante as críticas da oposición aclara que as 15 árbores de pequeno porte que se atopaban no medio das aceras van ser substituidas por 38 árbores de gran porte, fora das aceras e afastados das fachadas. Lembra tamén que o proxecto foi sometido o pasado ano a información e consulta veciñal aberta ás persoas residentes na rúa, celebrándose unha reunión á que asistíu numerosa veciñanza e a propia oposición. Con respecto a o estacionamento reduciranse só 18 das 90 prazas existentes.

# O PP denuncia falta de planificación nas obras da rúa Redondela

O Grupo Municipal do PP lamenta a falta de planificación e consenso do bipartito local que está a remodelar a Rúa Redondela sen ter en conta as necesidades e peticións dos residentes nesta zona.

"A humanización elimina case todo o aparcamento, sen xerar novas prazas nesa contorna. Ademais, modifícase o dobre sentido e déixase o vial cunha única dirección. Non se tivo en conta nin unha soa petición veciñal, consenso cero", explican os populares.

Os populares denuncian que actualmente só poden circular polo vial os residentes que poidan demostralo. "Esta decisión carrexa graves prexuízos económicos ás persoas que teñen negocios e hostalería na Rúa Redondela, motivo polo cal presentamos un rogo ao alcalde instando a que levante o veto de circulación".

O PP considera que a eliminación do dobre sentido obriga aos vehículos pesados e non pesados a desviarse pola contorna do parque de As Pombas, decisión que consideran un grave erro os populares. "Están todo o día falando dunha convivencia na que prevalecer ao peón, onde non exista circulación de vehículos. Agora cárganse a zona do parque de As Pombas con esta decisión, derivando alí todo o tráfico. A seguridade viaria nesta zona queda en dúbida".

Por outra banda, os populares únense ás reivindicacións de Adenco, que denunciaron o arboricidio levado a cabo polo bipartito nesta rúa. "Os mesmos que hai uns anos declarábanse defensores do planeta, incluso algún edil do Goberno actual pertenceu a asociacións de índole ecoloxista, ordenan a talla masiva de todas as especies que estaban na rúa Redondela. É todo un despropósito".


















# Ponteareas investirá máis de 400.000€ na mellora da contorna da piscina municipal e do centro de saúde



O goberno do BNG-PSOE informou da adxudicación das obras de humanización e mellora da accesibilidade no entorno do complexo deportivo Álvaro Pino e do Centro de Saúde por 403.228€.

A reordenación e integración urbana da contorna da piscina e do complexo deportivo Álvaro Pino e mellora da accesibilidade ao centro de saúde e espazos públicos anexos conta co apoio da Deputación de Pontevedra a través do Plan de Remodelación e Mellora de Seguridade dos viarios municipais (DEPOREMSE) que financia o 80% da obra. O Concello aportará con fondos propios o 20% restante

As obras, que se executarán ao longo de tres meses, suporán a transformación completa de todos os espazos públicos situados entre o complexo deportivo e as estradas que o rodean: N-120, estrada Ponteareas-Mondariz e acceso ao Centro de Saúde. Combinaranse amplos espazos verdes e arborados con zonas de estacionamento e executaranse novas beirarrúas e melloras da seguridade viaria renovándose os accesos ao centro de saúde e á zona deportiva da piscina e pavillóns.

O alcalde Xosé Represas e a concelleira de Vías e Obras, Chus Garrote, explican que esta nova obra constitúe un exemplo máis da política iniciada en 2015 polo actual goberno municipal co obxectivo de mellorar a calidade de vida recuperando espazos para o desfrute da cidadanía

A actuación que mellora da mobilidade e seguridade no entorno, persigue tamén facilitar a mobilidade desde o regato da Venda cara o río Tea e a súa senda e mellorar o aspecto e a estética urbana dunha das principais entradas á vila de Ponteareas. Con ese obxectivo tamén se eliminará a construción adicada antigamente a posto da Cruz Vermella e despois a oficina de turismo, edificación que se atopa en estado ruinoso afeando a zona.




# O PP pide unha compensación, con exención de impostos, para os veciños da rúa San Roque



O Grupo Municipal do PP lamenta que despois dun ano de obras, os veciños da rúa San Roque continúan sen poder gozar deste vial e acceder ás súas vivendas con normalidade.

O PP lamenta a nefasta xestión do Goberno bipartito en relación ás obras de humanización. "As obras acometidas son un auténtico desastre. Algunhas recentemente asfaltadas xa se gretaron e mesmo caÍron. En relación aos veciños da rúa San Roque, levan máis dun ano coa rúa en obras, actualmente cos traballos paralizados. Pedimos unha compensación para os residentes desta zona, coa exención dalgúns impostos como poden ser o de rodaxe ou lixo, xa que levan máis dun ano sen poder utilizala, sufrindo a problemática que calquera obra xera, co agravante de que levan soportando máis de 365 días esta situación", explican desde o PP.

O Grupo Municipal do PP solicitará esta exención para dalgunha forma "compensar aos veciños que levan máis dun ano sufrindo as obras e solicitarán ao alcalde, Xosé Represas, celeridade na terminación desta actuación.

# EU contra a xestión privada dos servizos públicos

O goberno de Ponteareas non oculta a súa predilección pola xestión privada dos servizos públicos, como se evidencia no decreto da Alcaldía 2020-2030 do 28 de xullo, no que se adxudica a "asistencia técnica para preparar documentación necesaria para licitar o servizo de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración de augas". Esta resolución alude expresamente á licitación do servizo, mostrando que a intención do Goberno é volver a contratar a xestión da auga cunha empresa privada.

É posible adxudicar o servizo a unha empresa pública, medida que Esquerda Unida Ponteareas apoia. Porén, o goberno mostra a súa intención de contratar o servizo cunha empresa privada, dándolle a posibilidade de participar no concurso público.

Se a pretensión do goberno fose remunicipalizar este servizo, a memoria debería contar cos seguintes apartados: xustificación de que a forma de xestión escollida é máis sostible e eficiente e xustificación de que a iniciativa non xera risco. En ningunha parte deste traballo se menciona a posibilidade de crear unha empresa pública.

Desde Esquerda Unida defendemos que a auga é un ben público esencial, que non debe estar suxeito a intereses comerciais. En decembro de 2018, presentamos no pleno de Ponteareas unha iniciativa encamiñada a recuperar a xestión pública da auga que foi aprobada por unanimidade.

O Goberno Municipal, supostamente de esquerdas, apoia o saqueo dos bens públicos e dos petos da clase traballadora por parte dunha empresa transnacional privada. Se seguen esta liña sempre se atoparán con Esquerda Unida en fronte.

# ACiP denuncia a falta de Policía Local

Hai uns días unha pelexa termina coa intervención dunha patrulla dun policía local e un auxiliar de policía que acaba de incorporar esa semana a este Concello, resultando lesionados.

Grazas á intervención de varios veciños, o policía e o seu auxiliar non saíron peor parados.

Ante esta situación ACiP presentou ante a Alcaldesa en funcións que convoque urxentemente a xunta de Portavoces para que dean as explicacións necesarias do que pasou, e o máis importante, que foi o que fallou.

A viceportavoz de ACiP Raquel Bautista lembra que ACiP leva varios anos denunciando o desmantelamento da policía local, mais cando o goberno non pon medidas para frear a marcha de policías formados, que se van de Ponteareas ante a crispación que o propio goberno crea, poñendo á fronte a funcionarios a dedo que crean mal ambiente, non podendo crear un corpo efectivo e acorde ás necesidades deste Concello.

En ningún Concello destas características nin poboación un venres pola noite existe un único policía de garda, mais cando todos sabemos da situación na noite en certas zonas do centro urbano, e máis cando non teñen o apoio de ningún de servizo nas oficinas da Policía Local que permanecen pechadas, e só quédalles o apoio da garda civil.

Cabe lembrar que Ponteareas no ano 2010 cando o noso Portavoz Juan Carlos González era responsable da policía Local existían 25 Axentes e oficiais, tendo dúas patrullas as fins de semana realizando controis disuasorios nas entradas do Pobo e realizando controis diarios, cuestión que agora é imposible.

# O goberno municipal aspira a triplicar os axentes de Policía neste mandato

O Goberno Local explicou na Xunta de Voceiros celebrada a petición de ACIP, a situación da Policía Local da localidade. O concelleiro de Bo Goberno e de Mobilidade e Tráfico, Roberto Mera, ofreceu os datos oficiais sobre o cadro de persoal. A Policía Local conta a día de hoxe con 17 efectivos repartidos do seguinte xeito: un oficial, 11 axentes e 5 auxiliares. Deles, tres axentes están de baixa prolongada. Ademais, na Academia Galega de Seguridade Pública está en marcha o proceso de selección de tres novos axentes e un oficial que se deberán incorporar en 2021, incrementando para entón o número de policías locais até os 16. Ademais, hai varias semanas aprobouse a oferta de emprego público do Concello con 2 prazas máis de axentes (as que se poden convocar neste exercicio por ter quedado vacantes en 2019) e cuxo proceso de selección debe convocar a Academia Galega. Por último, prevese que a oferta de emprego público de 2021 inclúa as tres prazas vacantes deste ano 2020 producidas por falecemento, mobilidade e promoción interna. Deste xeito, no caso de que non se produzan traslados a outros concellos, o cadro de persoal da Policía Local para o ano 2022 estaría conformado por 21 efectivos dos que 2 serían oficiais e 19 axentes, triplicando así a cifra de 7 axentes do ano 2019. O edil nacionalista sinalou que esa cifra tan exigua foi consecuencia das xubilacións, excedencias e traslados producidos entre finais de 2017 e comezos de 2019, un total de 10 prazas, e a longa duración legal dos procesos de selección de novos axentes.

Segundo Mera, "antes de 2015 os gobernos das dereitas ponteareáns non cubriron en prazo varias prazas vacantes da Policía Local o que conlevou a súa desaparición. En contraste, o actual goberno desde 2015 está convocando e cubrindo do xeito máis rápido posíbel legalmente todas as prazas vacantes que a normativa permite".

Malia as limitacións do cadro de persoal, Mera lembra que "estamos facendo un esforzo con servizos extraordinarios nas noites das fins de semana. Mentres que moitos concellos semellantes a Ponteareas suprimiron nos últimos meses os turnos de noite, para ser atendidos só pola Garda Civil, nós continuamos prestando o servizo nocturno a diario e nas fins de semana reforzado con até cinco axentes", explica Mera.

# A Policía Local inspecciona a feira e denuncia a cinco ambulantes por non usar a máscara



*Control nocturno da Policia Local.*

